



| Guía Docente          |   |                    |   |          |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |   | 2018/19  |
| Asignatura (*)        | Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos   | Código             | 652G02007                                 |          |
| Titulación            | Grao en Educación Primaria  |                    |   |          |
| Descritores           |   |                    |   |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                                      | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Primeiro           | Formación básica                          | 6        |
| Idioma                | Galego  |                    |   |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |   |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |   |          |
| Departamento          | Psicoloxía  |                    |   |          |
| Coordinación          | Porto Rioboo, Ana María   | Correo electrónico | ana.prioboo@udc.es                        |          |
| Profesorado           | Brenlla Blanco, Juan Carlos<br>Porto Rioboo, Ana María  | Correo electrónico | juan.brenlla@udc.es<br>ana.prioboo@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |   |          |
| Descrición xeral      | Esta materia xunto coa "Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 6 a 12 anos (Orden ECI/3857/2007, do 29 de decembro).<br>O núcleo de competencias básicas trata da comprensión dos procesos educativos e da aprendizaxe e dos determinantes persoais e relacionais e contextuais da aprendizaxe escolar. |                    |   |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.  |
| A3                                  | Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.   |
| A4                                  | Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.  |
| A5                                  | Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.  |
| A6                                  | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.  |
| A7                                  | Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.  |
| A11                                 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.   |
| B1                                  | Aprender a aprender.   |
| B2                                  | Resolver problemas de forma efectiva.  |
| B5                                  | Traballar de forma colaborativa.   |
| B11                                 | Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.   |
| B21                                 | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B22                                 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo   |
| B23                                 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética  |
| B24                                 | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |
| B25                                 | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.   |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |



|    |  |
|----|--|
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
|----|--|

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |                         |          |
|--|-------------------------------------|-------------------------|----------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |                         |          |
| Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a psicoloxía da educación ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado da súa participación en situacións educativas.                              | A1<br>A7                            |                         |          |
| Coñecer, comprender e reflexionar sobre as principais teorías, concepcións e tipos de aprendizaxe e as súas implicacións educativas e valorar a importancia de facer unha aprendizaxe constructiva, significativa e interactiva.   | A1<br>A5                            | B1                      |          |
| Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza intrapersonal ou propias do alumnado, tanto do ámbito cognitivo como afectivo e a súa incidencia na aprendizaxe escolar. | A1<br>A3<br>A4<br>A6<br>A7          | B1                      |          |
| Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza relacional ou contextual e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.  | A1<br>A7<br>A11                     | B1                      |          |
| Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.  |                                     | B1<br>B5<br>B22<br>B25  | C6<br>C7 |
| Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.  |                                     | B1<br>B5<br>B11         | C6       |
| Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.   | A1                                  | B1<br>B5                | C6<br>C7 |
| Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.  | A1                                  | B1                      | C6<br>C7 |
| Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quendas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.  | A5                                  | B5                      | C7       |
| Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.        |                                     | B1<br>B21<br>B23<br>B24 | C7       |
| Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outros e outras compañeiros e compañeiras e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento. |                                     | B1<br>B2                | C6<br>C7 |
| Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade   |                                     |                         | C7       |
| Desenvolver actitudes favorábeis ao desenvolvemento sostibel.  |                                     |                         | C4       |

| Contidos |          |
|----------|----------|
| Temas    | Subtemas |



|  |  |
|--|--|
| TEMA 1: A PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN  | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A orixe da Psicoloxía da Educación</li> <li>2. Concepcións da relación entre Psicoloxía da Educación e educación</li> <li>3. Dimensións ou finalidades</li> <li>4. Obxecto de estudo</li> <li>5. Os contidos</li> <li>6. As tendencias actuais e perspectivas de futuro</li> <li>7. Contextos de aprendizaxe, desenvolvemento e educación</li> </ol>   |
| TEMA 2: A APRENDIZAXE ESCOLAR  | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Principais enfoques Psicolóxicos da Aprendizaxe             <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. Enfoque condutista</li> <li>1.2. Enfoque cognitivo</li> </ol> </li> <li>2. Categorías e tipos de aprendizaxe escolar</li> <li>3. Trazos relevantes da aprendizaxe escolar</li> </ol>   |
| TEMA 3: FACTORES COGNITIVO/AFFECTIVOS DA APRENDIZAXE ESCOLAR                 | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Variables cognitivas             <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. A intelixencia</li> <li>1.2. Procesos de aprendizaxe</li> <li>1.3. Desenvolvemento de competencias relacionadas co proceso de aprendizaxe</li> <li>1.4. Estratexias de aprendizaxe</li> <li>1.5. Estilos e enfoques de aprendizaxe</li> </ol> </li> <li>2. Variables motivacionais             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1. As metas académicas</li> <li>2.2. As atribucións causais</li> <li>2.3. O autoconcepto</li> </ol> </li> <li>3. Alumnado con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe</li> </ol> |
| TEMA 4: FACTORES RELACIONAIS E CONTEXTUAIS IMPLICADOS NA APRENDIZAXE ESCOLAR | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. As interaccións entre iguais             <ol style="list-style-type: none"> <li>1.2. Tipos de relación entre iguais</li> <li>1.3. A construción do coñecemento na interacción entre o alumnado: mecanismos interpsicolóxicos</li> <li>1.4. O agrupamento dos alumnos</li> </ol> </li> <li>2. A interacción profesorado-alumnado: as expectativas do profesor             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1. A formación das expectativas</li> <li>2.2. Efectos das expectativas na educación</li> </ol> </li> </ol>   |

| Planificación                             |  |   |                         |              |
|---|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                     | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais                      | A11  | 3                                       | 0                       | 3            |
| Sesión maxistral                          | A1 A3 A4 A5 A6 A7<br>A11 B1 B2 B5 B11 C6<br>C7                     | 20                                      | 0                       | 20           |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A1 A4 A5 A6 A7 A11<br>B1 B2 B5 B11 B21<br>B22 B23 B24 B25 C6<br>C7 | 11                                      | 45                      | 56           |
| Traballos tutelados                       | B1 B2 B5 B11 B21<br>B22 B23 B24 B25 C4                             | 6                                       | 36                      | 42           |
| Proba mixta                               | A4 A5 A6 A7 A11  | 3                                       | 25                      | 28           |
| Atención personalizada                    |  | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



| Metodoloxías                              |  |
|---|--|
| Metodoloxías                              | Descrición   |
| Actividades iniciais                      | Actividades que se levarán a cabo antes de iniciar o proceso de ensino/aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar. Con elas preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.   |
| Sesión maxistral                          | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir os coñecementos de cada tema e facilitar a súa aprendizaxe.  |
| Investigación (Proxecto de investigación) | Proceso de ensinanza orientado a facilitar a construción expansiva do coñecemento mediante a realización de actividades-prácticas en grupo para comprender, identificar, analizar e estudar algunhas das variabeis intrapersoais que afectan a aprendizaxe escolar   |
| Traballos tutelados                       | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela do profesor ou profesora na aula. Trátase de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica a fin de que o alumnado comprenda significativamente a información e a integre na súa estrutura de coñecementos. Inclúense dentro destes traballos tutelados: análises de fontes documentais, realización de esquemas ou resumos, glosarios, presentacións orais, prácticas a través de TICs ou estudos de casos. Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Proba mixta                               | Proba de ensaio (grupo A) ou obxectiva (grupo B); na primeira opción tratase de obter respostas que impliquen o razoamento (argumentar, relacionar...), habilidade de síntese, comparación, redacción...; na opción segunda, a proba consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.  |

| Atención personalizada   |  |
|--|--|
| Metodoloxías   | Descrición   |
| Investigación (Proxecto de investigación)<br>Traballos tutelados | A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula, como na rede e en titorías.<br>Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico e práctico e na elaboración dos informes pertinentes.<br>Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente. |

| Avaliación                                |  |  |               |
|---|--|--|---------------|
| Metodoloxías                              | Competencias / Resultados  | Descrición   | Cualificación |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A1 A4 A5 A6 A7 A11<br>B1 B2 B5 B11 B21<br>B22 B23 B24 B25 C6<br>C7 | Trátase de coñecer e estudar algunhas das variábeis ou factores da aprendizaxe escolar mediante a elaboración de informes/artigos en base a busca e análise de documentación científica e datos ou propostas educativas que estimulen a desenvolvemento de tales variables. Este traballos faranse en grupo.   | 40            |
| Traballos tutelados                       | B1 B2 B5 B11 B21<br>B22 B23 B24 B25 C4                             | GRUPOS A e B.<br><br>Traballo individual e en grupo que consiste na realización de actividades a facer na aula e fóra dela para cada un dos temas. Estas actividades colaborativas serán basicamente de orientación-execución ou demostración-práctica. Este portafolios que integra as metodoloxías de aprendizaxe cooperativo, traballos tutelados, estudo de casos, presentación oral, glosario análise de fontes documentais... será o material que se contemple na avaliación | 20            |



|             |                 |  |    |
|-------------|-----------------|--|----|
| Proba mixta | A4 A5 A6 A7 A11 | <p>Farase unha proba de ensaio para verificar o grao de adquisición das competencias do "saber" e "saber facer" (grupo A) ou farase unha proba escrita para avaliar os coñecementos teóricos da materia (grupo B). Esta última proba consistirá en 30 preguntas con tres posibles respostas das cales só unha é a correcta, as preguntas incorrectas restan a razón de cada unha mal anulan media ben.</p> | 40 |
|-------------|-----------------|--|----|

Observacións avaliación



Dependendo da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de ?Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos? que determinan dous modos diferentes de avaliación: Modalidade A e Modalidade B

? Modalidade A. ALUMNADO QUE ASISTE E PARTICIPA NA CLASE (>85%):

Nesta modalidade levarase a cabo unha avaliación

de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades e prácticas realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas.

Por tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só se poderá faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre con ou sen xustificacón, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula (no caso de non ser así contabilizarase como unha ausencia). Esta avaliación levarase a cabo a partir da:

a/ presentación por escrito das

actividades prácticas individuais e grupais que suporán un máximo dun 60% da cualificación. O alumnado terá que asistir ás clases interactivas para poder facer

estas actividades prácticas, e entregalas dentro dos prazos establecidos.

b/ proba do ensaio individual sobre os contidos

teórico-prácticos da materia (grupo A) e proba de respostas múltiples sobre os coñecementos teóricos (grupo B). Isto representa como máximo un 40% da

cualificación.

Todas as actividades prácticas e o exame serán

puntuados nunha escala de 0 a 10 e logo aplicado a correspondente

porcentaxe para a obtención da nota final. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada

un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo;

esta suma só se realizará cando en cada unha das dúas partes (práctica e teórica) se obteña o 50% do peso da

cualificación.

No caso de non

superar algunha das partes obrigatorias:

No grupo A, a nota final será a nota da parte non

superada. Na 2ª oportunidade (xullo) terá que repetir a parte obxecto de avaliación na que non se acadou o 50% do seu peso na culificación.

No resto das convocatorias seguirase a modalidade B de avaliación

(proba escrita dos contidos teórico prácticos do curso académico

correspondente) No grupo B a cualificación en actas será de 4; a parte superada manterase aprobada noutras convocatorias (máximo 4 cursos académicos,

mentres o responsable da materia sexa Juan Carlos Brenlla Blanco).

A cualificación de No Presentado darase a aquel alumnado que non participa de ningunha das metodoloxías de avaliación descritas.

? Modalidade B. ALUMNADO QUE NON ASISTE E PARTICIPA NA CLASE (< 85%) Só se poderán acoller a esta modalidade o alumnado: \* Que en aplicación da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016), se lle recoñecera a condición de estudante a tempo parcial e solicitara ao Decano/a a correspondente dispensa académica quedarán eximidos da obrigatoriedade de asistencia as sesións interactivas. \* Así como o alumnado de Continuación de estudos na materia (repetidores).

No grupo A a cualificación virá determinada por unha proba final escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso académico correspondente.

No grupo B:

Coñecementos prácticos: Como non pode asistir as clases interactivas terá que realizar as tarefas individualmente dentro dos prazos establecidos.

Estas prácticas constitúen o 33,34 % da nota final. Para a 2ª oportunidade (xullo) todos os traballos terán que ser entregados 7 días naturais antes da data oficial de exames. Coñecementos teóricos: O alumno terá que facer dúas probas ou exames para avaliar os coñecementos teóricos. Mediante a

Proba de resposta múltiple, antes comentada, obterá o 33,33 % da nota final. E mediante unha Proba de resposta breve de 10 preguntas obterá o restante 33,33 %. Terá que superar as dúas partes para ter superada esta parte. Todas as prácticas e o exame serán puntuados nunha escala de 0 a 10 e logo aplicado a correspondente porcentaxe para a obtención da nota final. A cualificación final será a suma da cualificación dos coñecementos teóricos e dos prácticos, esta suma só se realizará cando en cada unha das tres partes se obteña o 50% da puntuación posíbel

En caso de suspender algunha das dúas partes (teórica ou práctica) a cualificación final da materia nas actas será de 4. A cualificación de No Presentado darase a aquel alumnado que non participa de ningunha das metodoloxías de avaliación descritas.

No caso de ter aprobada só unha das partes (teoría ou práctica), esta manterase aprobada noutras convocatorias (máximo 4 cursos académicos, mentres o responsable da materia sexa Juan Carlos Brenlla Blanco).



Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | Grupo A. Os Apuntamentos sobre os temas e as Actividades Prácticas da materia pódense obter a través de Moodle ou Servizo de reprografía da Facultade (encadernados en canutillo) Grupo B. Apuntes entregados a través de Moodle  |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <p>Artola, T. (2013): <i>Psicología de la educación</i>. Zaragoza: Stylo Digital</p> <p>Beltrán, J. e Bueno, J.A. (Eds.) (1995): <i>Psicología de la educación</i>. Barcelona: Marcombo.</p> <p>Beltran, J. e outros/as (1992). <i>Psicología de la educación</i>. Madrid: EUEMA</p> <p>Beltrán, J., García-Alcañiz, E., Moraleda, M., Calleja, F.G., Santiuste, V. (1995). <i>Psicología de la educación</i>. Madrid: EUEMA</p> <p>Universidad Bueno, J.A. e Castanedo, C. (Coords.) (2001): <i>Psicología de la educación aplicada</i>. Madrid: CCSColl</p> <p>C., Palacios, J. e Marchesi, A. (Comps.) (1990): <i>Desarrollo psicológico y educación, II. Psicología de la educación</i>. Madrid: Alianza Psicológica</p> <p>Coll, C., Palacios, J. e Marchesi, A. (Comps.) (2007): <i>Desarrollo psicológico y educación. II. Psicología de la educación escolar</i>. Madrid: Alianza</p> <p>Psicología y Educación. Fernández, E., Justicia, F. e Pichardo, M.C. (2007). <i>Enciclopedia de psicología evolutiva y de la educación</i>. Málaga: Aljibe</p> <p>Gómez, A. (2010). <i>Unha viaxe pola infancia</i>. Vigo: Ir Indo</p> <p>González Pérez, J. e Criado, M.J. (2004). <i>Psicología de la educación para una enseñanza práctica</i>. Madrid: CCS</p> <p>González Pienda, J.A. e outros (Coords.) (2002): <i>Manual de psicología de la educación</i>. Madrid: Pirámide</p> <p>González, M. C. y Tourón, J. (1992). <i>Autoconcepto y Rendimiento escolar</i>. Pamplona: EUNSA</p> <p>Good, T.H.L. e Brophy, J. (1996): <i>Psicología educativa contemporánea</i>. Madrid: McGraw Hill</p> <p>Henson, K.T. e Eller, B.F. (2000): <i>Psicología educativa para la enseñanza eficaz</i>. México: International Thompson Editores</p> <p>Marchesi, A. (2004). <i>Que será de nosotros, los malos alumnos</i>. Madrid: Alianza</p> <p>Ensayo Martín Sánchez, M.V. (2009). <i>Psicología de la educación y del desarrollo en educación infantil</i>. Málaga: Ediped</p> <p>Mayer, R.E. (2004). <i>Psicología de la educación</i>. Madrid: Pearson Educación</p> <p>Miras Martínez, F. (2001). <i>Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar</i>. Granada: Grupo Editorial Universitario</p> <p>Navarro, J.I. e Martín, C. (Coords.) (2010). <i>Psicología de la educación para docentes</i>. Madrid: Pirámide</p> <p>Ormrod, J.E. (2005). <i>Aprendizaje humano</i>. Madrid: Pearson Educación</p> <p>Pellón, R. et al. (2014): <i>Psicología del aprendizaje</i>. Madrid: UNED</p> <p>Pontecorvo, Cl. (Coord.) (2003). <i>Manual de psicología de la educación</i>. Madrid: Editorial Popular</p> <p>Prados Gallardo, M. (2014). <i>Manual de psicología de la educación: para docentes de educación infantil y primaria</i>. Madrid: Pirámide</p> <p>Rodríguez Sánchez, S. (Coord.) (2015): <i>Psicología de la educación</i>. Grado en Educación Infantil y Primaria. Madrid: Pirámide</p> <p>Sampascual, G. (2001): <i>Psicología de la educación</i>. Madrid: UNED</p> <p>Sampascual, G. (2002): <i>Psicología del desarrollo y de la educación</i>. Vol. II: <i>Psicología de la educación</i>. Madrid: UNED</p> <p>Santrock, J.W. (2001): <i>Psicología de la educación</i>. México: McGraw Hill</p> <p>Santrock, J.W. (2006). <i>Psicología de la educación (2ª ed.)</i>. México: McGraw Hill</p> <p>Schunk, D.H. (1996). <i>Teorías del aprendizaje</i>. México: Pearson Education</p> <p>Sprinthall, N.A., Sprinthall, R.C. e Oja, S.N. (1996): <i>Psicología de la educación</i>. Madrid: McGraw Hill</p> <p>Trianes, M.V. (Coord.); Abascal, J.[et al.] (1992). <i>Psicología de la Educación para profesores</i>. Málaga: Secretariado de Publicaciones</p> <p>Trianes, M.V. (Coord.) (1996): <i>Psicología de la educación para profesores</i>. Madrid: Pirámide (Biblioteca Eudema)</p> <p>Trianes, M.V. e Gallardo, J.A. (Coords) (1998): <i>Psicología de la educación y del desarrollo</i>. Madrid: Pirámide</p> <p>Trianes, M.V. e Gallardo, J.A. (Coords) (2004): <i>Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares</i>. Madrid: Pirámide</p> <p>Trianes, M.V. e Luque, D. (2013): <i>Manual de psicología de la educación para psicólogos</i>. Málaga: Luque Parra</p> <p>Woolfolk, A. (1999): <i>Psicología educativa</i>. México: Prentice Hall</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

As

actividades e prácticas entregaranse vía telemática (a través da plataforma virtual Moodle) para contribuir a un desenvolvemento sostibel, evitando o esgotamento de recursos naturais.





(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías